



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA




# INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Setembro 2022

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2022

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un incremento do 29,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 3,4 puntos inferior á do mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 20,1%, 3,2 puntos menos que no mes anterior.
- No Comercio aumenta a facturación o 32,9% e nos Outros servizos o 21,8%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 2,2% e en España un 3,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado no mes de setembro agás Aragón e Cantabria.



## 1. Cifra de negocios

### 1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de setembro en Galicia un incremento do 29,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 3,4 puntos inferior á do mes de agosto. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos crece o 20,1%, 3,2 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun incremento do 32,9%, suma 22,8 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 21,8% e achegan 6,8 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* crece o 20,8% e nos *Outros servizos* o 18,7%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 42,3%, co que achega 20,5 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 3,5% e o *Comercio ao retalho* un 11,9%. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* aumenta o 25,2%, o *Comercio ao retalho* o 12,7% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 15,2%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 21,8%. Todos os sectores aumentan a súa facturación. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte*, 27,2%, co que achega 3,8 puntos a taxa de variación do índice xeral, e na *Hostalería*, 21,3%, co que achega 1,5 puntos.

En España, os *Outros servizos* crecen o 18,7%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse no *Transporte* (20,5%), na *Hostalería* (21,9%), e nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (33,7%).

Nos primeiros nove meses do ano, o índice xeral aumenta un 27,9% en Galicia e un 22,4% no conxunto de España. O *Comercio* crece en Galicia un 26,0% e os *Outros servizos* un 33,0%. España rexistra taxas inferiores, 21,6% no *Comercio* e 24,1% nos *Outros servizos*.

Todos os sectores rexistran taxas positivas. En Galicia, os maiores incrementos rexístranse no *Comercio por xunto* (32,1%), *Transporte* (42,2%) e *Hostalería* (57,1%).

### 1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 18,3% no mes de setembro.

Os sectores que máis contribúen a este incremento son: o *Comercio*, cun crecemento do 27,8% co que achega 8,7 puntos, e o *Transporte*, cunha taxa do 25,4% co que suma 6,1 puntos. En senso contrario, as *Actividades administrativa e servizos auxiliares* diminúen un 13,1%.

No que vai de ano, o índice rexistra unha taxa do 26,4%. Os maiores crecementos danse no *Transporte* (32,3%) e *Hostalería* (49,0%).

### 1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 29,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 18,4%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




#### 1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de setembro aumenta a cifra de negocios en todas as comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos danse en Illes Balears (40,7%) e Galicia (29,6%). Os menores incrementos rexistráronse en La Rioja (10,8%), Castilla - La Mancha (11,2%) e Extremadura (11,2%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos da cifra de negocios son Illes Balears (49,0%) e Canarias (39,2%). As comunidades autónomas con menores crecementos son Murcia (12,0%), Castilla - La Mancha (14,2%) e La Rioja (14,8%).

## Índices de cifra de negocios. Setembro 2022

Taxa de variación en %




## 2. Persoal ocupado

### 2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,2% respecto ao mes de setembro de 2021, 1,1 puntos menos que en España (3,3%).

O persoal ocupado crece un 1,6% no *Comercio* e un 2,6% nos *Outros servizos*. O maior incremento dáse na *Hostalería* (8,8%) mentres que rexistran taxas negativas a *Venta e reparación de vehículos de motor* (-2,8%), o *Transporte* (-1,3%) e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,6%).



En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior crecemento rexistrase tamén na *Hostalería* (6,5%).

No que vai de ano, a ocupación crece un 2,9% en Galicia e un 4,5% no conxunto de España. O maior incremento dáse na *Hostalería*, 10,7% en Galicia e 12,3% en España. O *Transporte* e a *Venta e reparación de vehículos de motor* rexistran taxas negativas en Galicia, -0,8% e -0,5% respectivamente, mentres que a nivel nacional todos os sectores rexistran taxas positivas.


## 2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de setembro con respecto ao mesmo mes do ano 2021 agás Aragón (-0,7%) e Cantabria (-0,1%). As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (9,0%) e Canarias (4,9%).

No acumulado do ano, os maiores crecementos danse en Illes Balears (14,8%) e Canarias (6,5%). As comunidades con menores incrementos son Aragón (1,0%) e Castilla y León (1,8%).

## Índices de persoal ocupado. Setembro 2022

Taxas de variación en %



### Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.



## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Setembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	174,8	29,6	27,9
Comercio	168,9	32,9	26,0
Venta e reparación de vehículos de motor	110,3	3,5	13,3
Comercio por xunto	191,1	42,3	32,1
Comercio ao retallo	127,4	11,9	10,9
Outros servizos	191,7	21,8	33,0
Transporte	265,1	27,2	42,2
Hostalería	130,5	21,3	57,1
Información e comunicacións	135,8	15,2	17,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	174,9	15,2	6,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	124,4	8,6	18,3
<b>España</b>			
Xeral	148,4	20,1	22,4
Comercio	151,8	20,8	21,6
Venta e reparación de vehículos de motor	137,7	15,2	6,5
Comercio por xunto	168,5	25,2	27,6
Comercio ao retallo	124,2	12,7	13,5
Outros servizos	142,0	18,7	24,1
Transporte	149,2	20,5	26,9
Hostalería	132,8	21,9	55,8
Información e comunicacións	125,2	9,9	9,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	153,1	13,0	10,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	147,5	33,7	36,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por IGE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Setembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	164,8	18,3	26,4
Comercio	159,1	27,8	23,8
Transporte	217,7	25,4	32,3
Hostalería	140,1	14,2	49,0
Información e comunicacións	139,1	17,7	18,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	179,1	12,3	8,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	157,2	-13,1	8,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por IGE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.  
Setembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIONS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	148,4	20,1	22,4
Andalucía	139,9	19,1	19,2
Aragón	149,4	14,5	19,1
Asturias	146,8	20,1	17,9
Baleares, Illes	162,2	40,7	49,0
Canarias	130,1	23,5	39,2
Cantabria	153,4	12,1	16,2
Castilla y León	132,7	15,6	14,9
Castilla-La Mancha	146,1	11,2	14,2
Cataluña	139,5	17,2	21,2
Comunitat Valenciana	144,7	14,6	18,1
Extremadura	150,2	11,2	16,5
GALICIA	174,8	29,6	27,9
Madrid	159,3	24,3	25,8
Murcia	137,0	12,9	12,0
Navarra	157,0	24,9	22,3
País Vasco	146,8	13,7	17,5
Rioja, La	149,7	10,8	14,8

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Setembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	110,5	2,2	2,9
Comercio	110,8	1,6	2,0
Venta e reparación de vehículos de motor	95,7	-2,8	-0,5
Comercio por xunto	123,4	1,4	1,1
Comercio ao retallo	106,6	2,7	3,2
Outros servizos	110,3	2,6	3,6
Transporte	102,5	-1,3	-0,8
Hostalería	104,3	8,8	10,7
Información e comunicacións	118,2	2,5	3,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,8	2,6	2,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	119,9	-0,6	1,3
<b>España</b>			
Xeral	111,5	3,3	4,5
Comercio	107,3	1,9	2,1
Venta e reparación de vehículos de motor	105,7	1,3	1,2
Comercio por xunto	109,6	1,6	1,6
Comercio ao retallo	106,1	2,2	2,5
Outros servizos	114,1	4,2	6,0
Transporte	111,6	3,4	3,4
Hostalería	110,2	6,5	12,3
Información e comunicacións	120,1	5,9	5,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	112,3	3,7	3,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	119,3	2,1	4,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.  
Setembro 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	111,5	3,3	4,5
Andalucía	108,6	3,2	4,7
Aragón	109,5	-0,7	1,0
Asturias	109,5	2,2	3,1
Baleares, Illes	129,4	9,0	14,8
Canarias	106,7	4,9	6,5
Cantabria	108,9	-0,1	3,1
Castilla y León	104,2	0,6	1,8
Castilla-La Mancha	112,3	2,6	4,0
Cataluña	115,2	4,6	5,6
Comunitat Valenciana	108,6	0,9	3,2
Extremadura	111,0	4,7	5,0
GALICIA	110,5	2,2	2,9
Madrid	112,6	4,4	4,5
Murcia	117,0	2,6	3,6
Navarra	109,9	1,4	3,6
País Vasco	106,9	1,3	2,0
Rioja, La	109,1	0,5	2,0

Fonte:INE